

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

1. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, que deber teñen os interesados nun procedemento que coñezan datos que permitan identificar a outros interesados que non comparecesen nel?

- a) Ningún
- b) Non teñen deber, teñen o dereito de proporcionarlos á Administración actuante
- c) Teñen o deber de proporcionarlos á Administración actuante
- d) Teñen o dereito de non proporcionarlos á Administración actuante

2. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, a comparecencia das persoas ante as oficinas públicas, xa sexa presencialmente ou por medios electrónicos, só será obrigatoria cando:

- a) Así estea previsto nunha norma con rango de lei
- b) Así estea previsto nunha norma con rango de decreto-lei
- c) Así estea previsto nunha norma con rango de decreto
- d) Non será obrigatoria en ningún caso

3. A Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, respecto de a obrigaón de resolver, establece que o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa será o fixado pola norma reguladora do correspondente procedemento e, salvo que unha norma con rango de Lei estableza un maior ou así veña previsto no Dereito da Unión Europea, qué di sobre o prazo máximo no que debe notificarse a resolución expresa?

- a) Que non poderá exceder de dous meses
- b) Que non poderá exceder de tres meses
- c) Que non poderá exceder de seis meses
- d) Que non poderá exceder de 12 meses

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

4. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, nos procedementos iniciados a solicitude do interesado, sen prexuízo da resolución que a Administración debe ditar na forma prevista no apartado 3 deste artigo, o vencemento do prazo máximo sen notificarse resolución expresa

a) Lexitima ao interesado ou interesados para entendela ESTIMADA por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de Dereito da Unión Europea ou de Dereito internacional aplicable en España establezan o contrario

b) Lexitima ao interesado ou interesados para entendela DESESTIMADA por silencio administrativo, excepto nos supostos nos que unha norma con rango de lei ou unha norma de Dereito da Unión Europea ou de Dereito internacional aplicable en España establezan o contrario

c) Esta situación non se pode dar xa que o silencio administrativo quedo derogado precisamente por esta Lei 39/2015

d) Lexitima ao interesado ou interesados a interpoñer un recurso de alzada.

5. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, é certo que os interesados teñen dereito a non achegar documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante ou fosen elaborados por calquera outra Administración?

a) Si

b) Non

c) É certo só no caso de que os documentos que xa se atopen en poder da Administración actuante, pero non en calquera outra Administración

d) É certo só no caso de que os documentos fosen elaborados pola Administración actuante

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

6. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas; cando un día fose hábil no municipio ou Comunidade Autónoma en que residise o interesado, e inhábil na sede do órgano administrativo, ou á inversa, considerárase:

- a) hábil se o é no municipio ou Comunidade Autónoma en que residise o interesado
- b) inhábil se o é no municipio ou Comunidade Autónoma en que residise o interesado
- c) inhábil ou inhábil segundo o sexa na sede do órgano administrativo
- d) inhábil en todo caso

7. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, como son os actos das Administracións Públicas ditados por órgano manifestamente incompetente por razón da materia ou do territorio?

- a) Anulables
- b) Recurribles
- c) Inconstitucionais
- d) Nulos de pleno dereito

8. Segundo a Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, os procedementos de natureza sancionadora iniciaranse:

- a) Sempre de oficio por acordo do órgano competente
- b) Sempre como consecuencia de orde superior
- c) Sempre por denuncia
- d) Por calquera das anteriores

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

9. A Lei 9/2017, de contratos do sector público a cal dos seguintes contratos resulta de aplicación?:

- a) Aos contratos que celebren as Comunidades Autónomas.
- b) Aos contratos que celebren as entidades que integran a Administración Local.
- c) Aos contratos que celebren os organismos dependentes das Comunidades Autónomas.
- d) Aos contratos que celebren todos os anteriores.

10. Cal das seguintes entidades NON se considerarán poderes adxudicadores, a efectos a Lei 9/2017, de contratos do sector público?:

- a) As Administracións Públicas.
- b) As fundacións públicas.
- c) As Mutuas colaboradoras coa Seguridade Social.
- d) As asociacións culturais.

11. A cal dos seguintes contratos aplícanse as disposicións da Lei 9/2017, de contratos do sector público?

- a) Á relación de servizo dos funcionarios públicos.
- b) Aos contratos regulados na lexislación laboral
- c) Aos contrato onerosos.
- d) Aos contratos relativos a servizos de arbitraje e conciliación.

12. De acordo con a Lei 9/2017, de contratos do sector público poderán contratarse obras definidas mediante proxectos independentes relativos a cada unha das partes dunha obra completa?

- a) Non, necesariamente os contratos de obras referiranse a unha obra completa.
- b) Só xustificando a inclusión do resto da obra en exercicios contables posteriores.
- c) Se contado necesariamente co informe favorable da intervención xeral correspondente.
- d) Sempre que estas sexan susceptibles de utilización independente, no sentido do uso xeral ou do servizo.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

13. De acordo con a Lei 9/2017, de contratos do sector público, a execución de obras poderá realizarse nalgún caso polos servizos da Administración Pública, empregando exclusivamente medios propios non personificados?

- a) Non en ningún caso.
- b) Si poderá, por exemplo no caso de que non houberse ofertas de empresarios na licitación previamente efectuada.
- c) Só no caso de obras de mera conservación e mantemento.
- d) Depende de se dispón de cuadrillas con este labor.

14. De acordo con a Lei 9/2017, de contratos do sector público, qué ocorrerá cando nos contratos celebrados polos poderes adxudicadores concorran neles algunha das causas que os invalidan de conformidade coas disposicións do dereito civil?

- a) Serán inválidos.
- b) Os contratos celebrados polos poderes adxudicadores réxense por esta lei 9/2017 polo que non lle afecta.
- c) Habería que ir á vía contenciosa para dilucidar como lle afecta.
- d) Non se pode dar o caso xa que non se pode celebrar ningún contrato do sector público se concorren algunha desas causas.

15. Segundo o disposto na lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a clasificación concedida para contratar :

- a) Concédese por tres anos prorrogable por anualidades.
- b) Concédese por un período de dous anos.
- c) Ten vixencia indefinida.
- d) Ten unha vixencia de cinco anos prorrogable por outros cinco.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

16. Segundo o artigo 23 da Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, as directrices de ordenación do territorio deben conter as seguintes determinacións (sinale a incorrecta):

- a) definición do modelo territorial para Galicia.
- b) criterios de actuación en áreas desfavorecidas polo declive económico ou demográfico, situacións de incomunicación, outras desvantaxes obxectivas ou a existencia de riscos naturais ou tecnolóxicos.
- c) distribución das zonas libres de caza e dos tramos de pesca sometidos a réximes especiais.
- d) proposta de pautas e medidas para a preservación dos recursos naturais e do patrimonio cultural e paisaxístico.

17. Sinale a resposta correcta. Tal e como indica a Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia, as directrices de ordenación do territorio conterán as seguintes determinacións:

- a) definición do modelo territorial para Galicia.
- b) fixación de criterios para o deseño e execución das infraestruturas e equipamentos de carácter inframunicipal.
- c) propostas de pautas e medidas para preservar os recursos naturais só nas zonas onde existan especies en perigo de extinción.
- d) criterios de actuación nas áreas máis favorecidas, xa que as menos favorecidas réxense por outra normativa.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

18. Segundo a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, os plans xerais de ordenación e os plans básicos municipais haberán de clasificar o territorio municipal en todos ou algún dos seguintes tipos de solo (sinala a incorrecta):

- a) urbano
- b) non urbanizable
- c) rústico
- d) de núcleo rural

19. Sinala a resposta correcta en relación aos requisitos que debe reunir un terreo integrado na malla urbana para poder clasificarse como solo urbano nos plans xerais e plans básicos:

- a) contar con acceso rodado privado
- b) contar cos servizos de abastecemento de auga, evacuación de agudas residuais e subministro de enerxía eléctrica.
- c) contar con abastecemento de auga ou enerxía eléctrica.
- d) contar co xustificante do pago do recibo da contribución.

20. Sinala cal das seguintes é unha actuación incompatible nun solo de núcleo rural, segundo o disposto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia:

- a) naves industriais
- b) a apertura de pistas, calles ou camiños previstos no planeamento.
- c) movementos de terras que non supoñan agresión ao medio natural ou que non varíen a morfoloxía da paisaxe do lugar
- d) instalacións destinadas a produción gandeira que sexan pequenas construcións artesanais ou para autoconsumo.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

21. Segundo a instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmobles catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortecemento, non necesita autorización previa en materia de patrimonio cultural:

- a) o axuste de ventás e portas, sen actuar sobre o material ou cando a actuación sexa moi parcial e limitada sobre os seus elementos de ancoraxe ou axuste.
- b) a limpeza e retirada de po aínda que requira medios que poidan comprometer a integridade do seu soporte.
- c) a modificación de rasantes
- d) as grandes reparacións que podan modificar a estrutura orixinal da edificación.

22. Sinala a resposta INCORRECTA en relación ao Decreto 83/2018 do 26 de xullo polo que se aproba o Plan Básico autonómico de Galicia:

- a) o Plan básico ten vixencia indefinida.
- b) a cartografía que compón o Plan básico non pode actualizarse ata que se derroque o plan.
- c) a cartografía debe ser obxecto de actualización cunha periodicidade mínima anual.
- d) a actualización sinalada no apartado c realizárase mediante resolución administrativa e publicárase o correspondente anuncio do Diario Oficial de Galicia.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

23 Sinala a resposta correcta en relación ao Decreto 83/2018 do 26 de xullo polo que se aproba o Plan Básico autonómico de Galicia:

- a) o Plan Básico non será de aplicación nos concellos que non teñan planeamento xeral.
- b) nos concellos que teñan planeamento municipal o Plan básico de Galicia terá carácter complementario para suplir posibles indeterminacións e lagoas do planeamento municipal vixente.
- c) o Plan básico é unha ferramenta ríxida e que non contempla actualizacións.
- d) as normas complementarias e subsidiarias de planeamento provinciais aprobadas no ano 1991 non se substituíron pola normativa e as ordenanzas do Plan básico autonómico.

24. Segundo a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, quen é o órgano da administración encargado da análise técnica dun expediente de avaliación ambiental estratéxica e da análise dos impactos significativos que o plan ou programa poda ocasionar?

- a) o órgano ambiental
- b) o órgano substantivo
- c) o órgano que se determine en cada caso
- d) ningunha é certa

25) Segundo a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, cal dos seguintes trámites forma parte da avaliación ambiental estratéxica ordinaria?

- a) Determinación do alcance do estudo e impacto ambiental.
- b) Elaboración do Informe de Impacto ambiental
- c) Declaración ambiental estratéxica
- d) Declaración de impacto ambiental

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

26. Tal e como recolle a Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, que natureza terá a declaración ambiental estratéxica?

- a) Terá a consideración de informe facultativo e determinante.
- b) Terá a consideración de informe preceptivo e determinante.
- c) Terá a consideración de informe non determinante.
- d) Terá a consideración de informe potestativo e non vinculante.

27. Durante o procedemento de avaliación de impacto ambiental, o órgano substantivo consultará as administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas sobre os posibles efectos significativos do proxecto. Segundo o artigo 37 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, cal dos seguintes informes se debe solicitar con carácter preceptivo:

- a) Informe sobre o patrimonio cultural en todo caso.
- b) Informe do órgano con competencias en medio ambiente da comunidade autónoma onde se localice o proxecto.
- c) En todo caso informe dos órganos con competencias en materia de saúde pública.
- d) as opcións a e c son correctas.

28)Segundo o artigo 22 do Real Decreto Lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación, non forma parte do contido mínimo da autorización ambiental integrada:

- a) as condicións en que debe levarse a cabo o peche da instalación.
- b) as prescricións que garantan, no seu caso, a protección do solo e das augas subterráneas.
- c) os valores límite de emisión para as sustancias non contaminantes.
- d) as medidas relativas ás condicións de explotación en situacións distintas ás normais que podan afectar ao medio ambiente, como os casos de posta en marcha e parada, fugas, fallos de funcionamento e paradas temporais.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

29. Ao abeiro da Lei 5/2019, do 2 de agosto do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia, os Plans de Ordenación dos recursos naturais (indica a resposta correcta):

- a) terán unha vixencia indefinida.
- b) a súa elaboración e tramitación correspóndelle aos titulares dos terreos onde se localicen os espazos protexidos.
- c) son aprobados por Orde da Consellería competente en materia de conservación da Natureza
- d) terán unha vixencia de 4 anos.

30. Segundo a Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, as inspeccións poden ser:

- a) previas ao outorgamento dunha declaración responsable
- b) nunca en virtude de denuncia
- c) as que podan acordarse de oficio durante o funcionamento dunha actividade
- d) son sempre dúas ao ano.

31. Segundo o artigo 18.1 da Lei 4/2015 de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, o proceso de reestruturación parcelaria comprenderá as seguintes fases:

- a) Acordo de reestruturación parcelaria e acta de reorganización da propiedade.
- b) Bases de reestruturación parcelaria, acordo de reestruturación parcelaria e acta de reorganización da propiedade.
- c) Acordo de reestruturación parcelaria e acta de reorganización da propiedade.
- d) Ningunha das respostas anteriores é correcta

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

32. Segundo o artigo 20 da Lei 4/2015 de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, o plan de ordenación de fincas con especial vocación agraria será aprobado por:

- a) A dirección xeral competente en material de desenvolvemento rural, despois da solicitude do Servizo provincial en material de reestruturación agraria.
- b) O Servizo provincial en materia de reestruturación agraria.
- c) A Consellería do Medio Rural , despois da solicitude da Dirección xeral competente en material de desenvolvemento rural
- d) O alcalde do Concello ou Concellos afectados.

33. Segundo o artigo 34 da Lei 4/2015 de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, as fincas que conforman a masa común dunha zona, unha vez declarado firme o Acordo, permanecerán adscritas á consellería competente en materia de desenvolvemento rural, durante o prazo, contado a partir da citada declaración de firmeza, de:

- a) 6 meses
- b) 1 ano
- c) 2 anos
- d) 3 anos

34. Segundo o artigo 64 da Lei 4/2015 de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, mediante resolución acordarase a entrega das obras executadas incluídas dentro do plan de obras e destinadas ó uso ou Servizo público a:

- a) Á dirección xeral competente en material de desenvolvemento rural.
- b) Á xefatura territorial da consellería competente en material de desenvolvemento rural.
- c) Ó concello ou concellos afectados
- d) Todas son falsas.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

35. A Lei 4/2015 de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia, será aplicable:

- a) Á totalidade dos terreos incluídos dentro de perímetro de reestruturación, independentemente da súa capacidade e situación produtiva, e calquera que sexa a súa clasificación urbanística, excepto os clasificados como urbanos e urbanizables.
- b) No caso de permutas voluntarias e no dos procesos especiais, así como no caso da declaración de perímetros en estado de abandono, así como a exención dos tributos nas transmisións de explotacións agrarias, o ámbito de aplicación será o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) No caso de zonas de actuación intensiva, o ámbito de aplicación virá determinado no correspondente decreto; non será necesario que coincide con ningunha das divisións administrativas existentes.
- d) Todas as respostas anteriores son correctas.

36. Segundo o artigo 71 da Lei 11/21, de recuperación de terras agrarias de Galicia, para iniciar o procedemento para a aprobación dos polígonos agroforestais de iniciativa privada de deberán contar co acordo dun total de persoas propietarias ou representantes dos titulares dos dereitos de uso ou aproveitamento sobre as parcelas afectadas que supoñan un mínimo de:

- a) 60 % do total de superficie incluída dentro do perímetro do polígono agroforestal
- b) 70 % do total de superficie incluída dentro do perímetro do polígono agroforestal
- c) 80 % do total de superficie incluída dentro do perímetro do polígono agroforestal
- d) Non se estable unha porcentaxe mínima de superficie.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

37. Segundo o artigo 79 da Lei 11/21, de recuperación de terras agrarias de Galicia, para a posta en marcha dunha aldea modelo:

- a) Non será necesaria a declaración de utilidade pública e interese social.
- b) Será necesaria aprobación por parte da consellería competente en material de desenvolvemento rural
- c) Será necesaria a declaración de utilidade pública e interese social por parte do Consello da Xunta de Galicia
- d) Será necesaria aprobación por parte do concello ou concellos afectados.

38. Segundo o artigo 103 e seguintes da Lei 11/21, de recuperación de terras agrarias de Galicia, no procedemento aprobación de polígonos agroforestais de iniciativa privada, ¿cal das seguintes afirmacións é CORRECTA?

- a) Non é necesario o informe de viabilidade do Polígono agroforestal.
- b) Non é necesaria a declaración de utilidade pública e interese social.
- e) O axente promotor produtivo debe redactar e presentar un proxecto de polígono agroforestal
- c) Non se someten a exposición pública as actuacións previstas.

39. A Lei 4/20015, do 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia define parcela única como como:

- a) conxunto de fincas remanentes resultantes do proceso de axuste técnico para a compensación entre achegas e atribucións, e co destino e titularidade que estable o artigo 34 da presente lei.
- b) parcelas que manterán inalterada a súa propiedade.
- c) parcela de achega que é propiedade dunha persoa titular que só posúe esa parcela no conxunto da zona de reestruturación.
- d) conxunto de accións e investimentos a aplicar en cada zona rural.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

40. Segundo o artigo 23 da Lei 11/2021 do 14 de maio de recuperación da terra agraria de Galicia, unha parcela co estado do Sitegal “dispoñible en concorrência” é:

- a) parcela con contrato de arrendamento en vigor.
- b) parcela arrendable, non arrendada nin en proceso de arrendamento, que está temporalmente sometida ao proceso de concorrência competitiva.
- c) parcela incorporada que, debido a unha circunstancia temporal, non pode ser cualificada con ningún outro estado mentres esa circunstancia non se resolva.
- d) parcela para a que se solicitou a incorporación pero que está a espera de que se completen os trámites correspondentes.

41. Dacordo co Código Técnico da Edificación, o control dos produtos, equipos e sistemas farase mediante:

- a) O control da documentación dos subministros
- b) O control mediante distintivos de calidade
- c) O control mediante ensaios
- d) Son certas todas as anteriores.

42. As esixencias básicas de seguridade estrutural son as seguintes:

- a) Resistencia e estabilidade
- b) Resistencia e aptitude para o servizo
- c) Estabilidade, Resistencia e aptitude para o servizo
- d) Estabilidade e aptitude para o servizo

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

43. Entre a documentación de seguimento da obra, segundo o anexo II da parte I do Código Técnico da Edificación, NON se atopa:

- a) O libro de ordes e asistencia
- b) O anteproxecto
- c) A licenza de obra
- d) O certificado final de obra

44. Segundo o CTE DB-SE-F, para que un ladrillo cerámico poida considerarse como “oco”, o volume dos ocos debe ser:

- a) Maior ou igual ó 75 % do volume bruto
- b) Menor ou igual ó 70 % do volume bruto
- c) Maior ou igual ó 80 % do volume bruto
- d) Menor ou igual ó 60 % do volume bruto

45. ¿Cal das seguintes NON é unha das propiedades mecánicas da madeira?

- a) Elevada resistencia a flexión
- b) Baixa resistencia a compresión, e tracción paralela ás fibras
- c) Baixa resistencia a cortante
- d) Baixo modulo de elasticidade paralelo ás fibras

46. ¿Cal das seguintes informacións NON se contempla nos mapas de ruído segundo a Lei 37/2003 do Ruído?

- a) Os obxectivos de calidade acústica por áreas
- b) O cumprimento dos obxectivos de calidade acústica
- c) Número estimado de vehículos en cada área acústica
- d) Número estimado de persoas expostas á contaminación acústica en cada área

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

47 Qué norma se emprega para a sinalización de obras na estrada?

- a) Norma 8.1 IC
- b) Norma 8.3 IC
- c) Norma 3.1 IC
- d) Norma 6.1 IC

48. Segundo a Norma 3.1-IC “Trazado”, a altura libre mínima baixo pasarelas, pórticos e bandeirolas, sobre calquera punto da plataforma, non será inferior a:

- a) 4,5 metros
- b) 5,5 metros
- c) 5 metros
- d) 6 metros

49. Segundo a Norma 6.1-IC “Seccións de firme”, a aplicación dun ligante hidrocarbonatado sobre capa granular, previa á colocación sobre esta dunha capa ou dun tratamento bituminoso, corresponde á definición de:

- a) Rega de adherencia
- b) Rega de imprimación
- c) Rega de curado
- d) Lechada bituminosa

50. Segundo a Norma 6.1-IC “Seccións de firme”, a categoría de tráfico T1 é a que ten unha intensidade media diaria de vehículos pesados comprendida entre:

- a) 200 e 800
- b) 800 e 2.000
- c) 2.000 e 4.000
- d) Igual ou superior a 4.000

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

51. Sinala a resposta correcta. Segundo o texto refundido da Lei de Augas (RDL 1/2001 de 20 de xullo) forman parte do Dominio Público Hidráulico:

- a) Os acuíferos
- b) Os leitos dos embalses superficiais en canles privadas
- c) as piscinas municipais
- d) as pozas de regadío, as fontes das aldeas, e a vexetación das súas marxes.

52. Segundo o texto refundido da Lei de Augas (RDL 1/2001 de 20 de xullo), sinala a resposta correcta en relación á definición de conca hidrográfica:

- a) é unha superficie de terreo cuxa escorrenta flúe cara o mar por unha ou varias desembocaduras.
- b) como unidade de xestión do recurso considérase divisible.
- c) nunha conca a corrente nunca flúe cara o mar, senón que está formada por augas estancadas na súa totalidade.
- d) todas as opcións son falsas.

53. Segundo o Real Decreto 849/1986, do 11 de abril, polo que se aproba o Regulamento del Dominio Público Hidráulico, na zona de policía, quedan sometidas ao disposto neste regulamento (sinala a resposta correcta):

- a) as alteracións non substanciais do relevo natural do terreo.
- b) as extraccións de áridos.
- c) as construcións menores, de carácter provisional.
- d) calquera outra actividade que non supoña un obstáculo para a corrente en réxime de avenidas.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

54. Segundo o Plan Hidrolóxico da Demarcación hidrográfica Miño-Sil, en zona urbana ou urbanizable as pontes e obras de paso e obras de drenaxe dimensionaranse:

- a) para un caudal de avenida de período de retorno de 500 anos.
- b) para un caudal de avenida de período de retorno de 50 anos.
- c) para a intensidade máxima de choiva ocorrida nos últimos 100 anos.
- d) para a maior seca dos últimos 100 anos.

55. ¿Cal dos seguintes informes se pode xerar dende o programa PRESTO?

- a) resumo do orzamento
- b) orzamento e medicións
- c) cadro de prezos descompostos
- d) tódolos anteriores son informes que se poden xerar dende PRESTO.

56. Sinala a resposta correcta en relación ao diagrama de PERT:

- a) trátase dunha representación visual das tarefas dun proxecto, pero non recolle as dependencias e conexións entre as distintas tarefas.
- b) permite coordinar de forma eficiente as tarefas dun proxecto pero non calcular o tempo necesario para completalas.
- c) o diagrama de PERT emprégase en xeral durante a fase de planificación dun proxecto, mentres que o diagrama de GANTT se utiliza ao longo do ciclo de vida do proxecto.
- d) o diagrama de PERT e o diagrama de GANTT son exactamente o mesmo, tan só se diferencian polas cores que se aplican para a súa visualización.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

57. ¿Para que se usa o modo de debuxo ORTO en Autocad?

- a) para inserir no debuxo as horas ás que se produce o amencer ou o ocaso.
- b) para trazar liñas ou desprazar obxectos so no horizontal ou vertical.
- c) para desprazar obxectos en ángulos de 35°.
- d) para localizar obxectos en relación co último punto elixido.

58. Cal das respostas á seguinte pregunta é falsa? Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, as Administracións públicas competentes en materia laboral desenvolverán funcións nos seguintes termos:

- a) Promovendo a prevención e o asesoramento para desenvolver polos órganos técnicos en materia preventiva
- b) Acreditando os estándares de de prevención en función da actividade desenvolvida nos centros de traballo
- c) Velando polo cumprimento da normativa sobre prevención de riscos laborais mediante as actuacións de vixilancia e control
- d) Sancionando o incumprimento da normativa de prevención de riscos laborais polos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación da presente Lei

59. Segundo a Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, o empresario que non houber concertado o Servizo de prevención cunha entidade especializada allea á empresa que deberá facer?

- a) someter o seu sistema de prevención ao control dunha auditoría ou avaliación externa
- b) paralizar a actividade ata contar con ese servizo de prevención alleo á empresa
- c) nada xa que esta lei prevé que se poderá facer mediante un servizo interno
- d) asumir o persoalmente a actividade ata contratar o servizo

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

60) Segundo o Real Decreto 1627/1997, do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, cumprir e facer cumprir ao seu persoal o establecido no plan de seguridade e saúde é unha obrigaón de?

- a) Os contratistas e subcontratistas
- b) O promotor
- c) O proxectista
- d) O coordinador en materia de seguridade e de saúde

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

PREGUNTAS DE RESERVA:

1. Quedan excluídas do ámbito de aplicación da instrución do 8 de novembro de 2017 relativa ao trámite de autorizacións en materia de patrimonio cultural nos bens inmoables catalogados e declarados de interese cultural, os seus contornos de protección e as zonas de amortiguación:

- a) as intervencións en bens inmoables declarados bens de interese cultural coa categoría de monumento, xardín histórico ou sitio histórico.
- b) as intervencións en bens artísticos ou partes de bens inmoables que posúan un valor artístico.
- c) actividade arqueolóxica sobre bens arqueolóxicos rotexidos ou partes de bens inmoables que teñan un valor arqueolóxico.
- d) todas son correctas

2. Segundo o artigo 41 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, sinala a resposta correcta en relación a Declaración de impacto ambiental:

- a) unha vez finalizada a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, o órgano substantivo formulará a declaración de impacto ambiental.
- b) unha vez finalizada a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, o órgano ambiental formulará a declaración de impacto ambiental.
- c) unha vez finalizada a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, o órgano substantivo formulará o documento de alcance do estudo de impacto ambiental.
- d) unha vez finalizada a análise técnica do expediente de avaliación de impacto ambiental, o órgano ambiental formulará a estudo de impacto ambiental.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

3. Cal das seguintes entidades poden ter a condición de entidades colaboradoras da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural?

- a) as entidades locais
- b) os grupos de desenvolvemento rural
- c) a e b son correctas
- d) os centros de capacitación agroforestal e os institutos de ensinanza secundaria onde se cursen estudos da rama agraria.

4. No caso de que se realice unha obra de reforma dun edificio declarado Ben de Interese Cultural:

- a) Non é aplicable o Código Técnico da Edificación en ningún caso.
- b) Aplicarase o Código a todas aquelas obras que sexan compatibles coa natureza da intervención
- c) Cando a aplicación do CTE sexa incompatible coa natureza da intervención ou co grao de protección do edificio, poderase aplicar, baixo criterio e responsabilidade do proxectista ou, no seu caso, do técnico que suscriba a memoria, aquelas solucións que permitan un maior grao posible de adecuación efectiva.
- d) Aplicarase en toda a súa extensión o CTE, debendo modificarse as determinacións de protección de patrimonio correspondentes, pero sendo prevalente a seguridade das persoas.

PROBA DE COÑECEMENTOS – IDIOMA GALEGO

**POSTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVÍS, FORESTAIS E AGRARIAS (15-TS-OB-ES)
(2L)**

**Perfil: Enxeñería de Camiños Canles e Portos / Arquitectura / Enxeñería
Agronómica ou equivalente (MECES 3)**

5. Segundo o Plan Hidrolóxico da demarcación hidrográfica Galicia-Costa o informe da Área de Calidade das Augas de Augas de Galicia será preceptivo nas autorizacións de vertedura seguintes: (sinala a incorrecta):

- a) estacións depuradoras residuais con capacidade igual o maior ca 2000 habitantes equivalentes.
- b) verteduras de instalacións sometidas á normativa de prevención e control integrados da contaminación.
- c) verteduras de instalacións sometidas á normativa de avaliación de impacto ambiental.
- d) verteduras de instalacións sometidas á normativa de información e educación ambiental.

PRUEBA DE CONOCIMIENTOS – IDIOMA CASTELLANO

PUESTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVILES, FORESTALES Y AGRARIAS (15-TS-OB-ES) (2L)

Perfil: Ingeniería de Caminos Canales y Puertos / Arquitectura / Ingeniería Agronómica o equivalente (MECES 3)

1. Según la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas ¿que deber tiene los interesados en un procedimiento que conozcan datos que permitan identificar a otros interesados que no hayan comparecido en él?

- a) Ninguno
- b) No tienen deber, tienen el derecho de proporcionárselos a la Administración actuante
- c) Tienen el deber de proporcionárselos a la Administración actuante
- d) Tienen el derecho de no proporcionárselos a la Administración actuante

2. Según la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, la comparecencia de las personas ante las oficinas públicas, ya sea presencialmente o por medios electrónicos, sólo será obligatoria cuando:

- a) Así esté previsto en una norma con rango de ley
- b) Así esté previsto en una norma con rango de decreto-ley
- c) Así esté previsto en una norma con rango de decreto
- d) No será obligatoria en ningún caso

PRUEBA DE CONOCIMIENTOS – IDIOMA CASTELLANO

PUESTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVILES, FORESTALES Y AGRARIAS (15-TS-OB-ES) (2L)

Perfil: Ingeniería de Caminos Canales y Puertos / Arquitectura / Ingeniería Agronómica o equivalente (MECES 3)

3. La Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, respecto de la obligación de resolver, establece que el plazo máximo en el que debe notificarse la resolución expresa será el fijado por la norma reguladora del correspondiente procedimiento y, salvo que una norma con rango de Ley establezca uno mayor o así venga previsto en el Derecho de la Unión Europea, ¿qué dice sobre el plazo máximo en el que debe notificarse la resolución expresa?

- a) Que no podrá exceder de dos meses
- b) Que no podrá exceder de tres meses
- c) Que no podrá exceder de seis meses
- d) Que no podrá exceder de 12 meses

4. Según la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, en los procedimientos iniciados a solicitud del interesado, sin perjuicio de la resolución que la Administración debe dictar en la forma prevista en el apartado 3 de este artículo, el vencimiento del plazo máximo sin haberse notificado resolución expresa

- a) Legitima al interesado o interesados para entenderla ESTIMADA por silencio administrativo, excepto en los supuestos en los que una norma con rango de ley o una norma de Derecho de la Unión Europea o de Derecho internacional aplicable en España establezcan lo contrario
- b) Legitima al interesado o interesados para entenderla DESESTIMADA por silencio administrativo, excepto en los supuestos en los que una norma con rango de ley o una norma de Derecho de la Unión Europea o de Derecho internacional aplicable en España establezcan lo contrario
- c) Esta situación no se puede dar ya que el silencio administrativo quedo derogado precisamente por esta Ley 39/2015
- d) Legitima al interesado o interesados a interponer un recurso de alzada.

PRUEBA DE CONOCIMIENTOS – IDIOMA CASTELLANO

PUESTOS: TÉCNICO SUPERIOR OBRAS CIVILES, FORESTALES Y AGRARIAS (15-TS-OB-ES) (2L)

Perfil: Ingeniería de Caminos Canales y Puertos / Arquitectura / Ingeniería Agronómica o equivalente (MECES 3)

